



# Voluntarios das terras da Estrada e de Montes no Batallón Literario

J.M. Bértolo Ballesteros  
joberba4@hotmail.com

**Resumo.** Faise unha breve exposición sobre a constitución do Batallón Literario e a súa actuación na guerra de Independencia, para presentar os cadetes, que formaron parte do Batallón, orixinarios das parroquias do actual concello da Estrada e das de Terra de Montes. Preséntase tamén os que morreron nesta guerra, tanto os que pertencían ao Batallón Literario como os de outros batallóns, e mesmo os labregos e labregas que morreron a mans dos franceses pertencentes ás parroquias nas que houbo voluntarios para o Batallón Literario.

**Abstract.** This article provides a brief overview of the formation of the Literary Battalion and its role in the Spanish War of Independence in order to introduce the cadets coming from the parishes of the current city councils of A Estrada and Terra de Montes. It also presents those who died in the war, both from the Literary Battalion and others, and even the country people who were killed by the French and who came from the parishes where there had been volunteers for the Literary Battalion.

## Introdución

Trala entrada das tropas de Napoleón en España co pretexto de invadir Portugal, produciuse un levantamento espontáneo e popular que se iniciou o 2 de maio de 1808, cando o alcalde de Móstoles redacta un bando no que insta á poboación a levantarse en armas para socorrer ao rei Fernando VII.

En Galicia o alzamento do país comezou na Coruña, onde había varios rexementos militares, se ben as autoridades militares non estaban polo labor. A iniciativa partiu máis ben da poboación, inducida por Sinforiano López, que contaba cos recursos que lle facilitou o arcebispo de Santiago. Tras varias controversias finalmente formouse a Xunta Suprema do Reino de Galicia con participación de representantes das outras provincias galegas.

Unha das principais preocupacións da Xunta foi conseguir axuda militar e económica de Inglaterra, único inimigo de Napoleón. Así, D. Francisco Bermúdez de Castro e Sangro, da casa fidalga de San

*Paio de Figueroa* na Estrada, foi enviado a Londres pola Xunta do Reino de Galicia, segundo esta carta:

Exmo. Sr. El Reino de Galicia congregado en la ciudad de La Coruña por medio de sus representantes ha reasumido en si la Soberanía y toda la autoridad Suprema por ausencia y retención en Francia de su Rey el Sr. D. Fernando 7º, habiéndose declarado independiente el actual Estado en Madrid; quedan con las armas en las manos sus hijos, y envía al caballero D. Francisco de Sangro como su enviado para los objetos que V.E. será instruído. Este caballero y el teniente de navío don Joaquín Freire que lo acompaña, tal vez necesitarán algún dinero en ese país que no puede en la actualidad proporcionarles por letras, en cuya virtud ruega a V.E. se sirva proporcionárselo en caso de que lo pidan, quedando el reino obligado a su satisfacción cuya gracia espera merecer de V.E. y su carácter generoso. Coruña, 15 de junio de 1808

Excmo. Sr. Secretario de Estado de S.M. Británica  
Firma: El Conde de Gimonde.

E xa o 18 de xuño o propio Francisco de Sangro embarca e escribe unha carta a bordo do *Defiance*, e o día 29 escribe outra desde Londres na que dá conta dos seus contactos cos ministros británicos e de que *el emperador de Rusia reconoció a Fernando 7º*.

## Formacion do Batallón Literario

Coñecedores da sublevación do 30 de maio de 1808 na Coruña, ao día seguinte dous doutores en nome dos estudantes de Santiago piden autorización á Xunta do Goberno da Universidade para que se lles permita alistarse nun batallón para defensa da patria. De seguida a Universidade decreta a constitución do batallón, avísase de contado aos universitarios que en gran parte xa estaban nas súas casas, para que se anoten, e organízase o batallón en seis compañías.

No *Diario de Santiago* do 22 de xuño de 1808 dise que cada compañía constaba de 130 homes, é dicir, o batallón tería uns 780 cadetes, porén consérvase unha lista do primeiro recrutamento no que se alistan uns 900 estudantes. Aínda que algún voluntario fose rexeitado, parece que a cifra de 130 homes non é precisa e sería maior. En efecto, outras fontes falan de 168 soldados en cada unha das seis compañías sen contar os xefes e oficiais<sup>1</sup>, e Dionisio Valla-

1 González López, 1975: 122.

dares, que formou parte do Batallón, di nas súas memorias: *su fuerza efectiva se aproximaba a los 1.200 hombres, perfectamente armados y uniformados todos a su costa*<sup>2</sup>.

Estes estudantes van estar, nun primeiro momento, baixo as ordes do coronel do exército Juan Ignacio Armada, *marqués de Santa Cruz de Ribadulla*, que servira na campaña de Arxel (1775), logo gobernador de Maracaibo durante cinco anos e ultimamente na campaña de Portugal. Como pensa tomar parte activa na guerra, antes de saír dá poder á súa muller para administrar os seus bens e ademais fai testamento<sup>3</sup>.

O reitor José Valderrama e Barrio e moitos dos profesores ofreceron todo ou unha parte do seu soldo para colaborar nos gastos do Batallón. Outros comprometeron cantidades determinadas co mesmo fin. Tamén moitos dos cóengos contribuíron cunha cantidade e o arcebispo de Santiago deu 300.000 reais.

Contribuíron con cartos nesta subscrición patriotas estradenses como o escribán de Tabeirós Bonifacio Paseiro, Ramón María de Silva Morales da *casa de Silva* en Arnois<sup>4</sup>, o cura de San Xoán de Santeles, o cura de Santo André de Vea don Francisco García Valls, o cura de Arnois don Francisco Antonio Piñeiro e Solveira e don José Paseiro Vilariño, veciño de San Paio de Figueroa e pai dos cadetes Mariano e Eusebio, dos que se fala máis adiante.

Ademais de formarse o Batallón Literario, a Xunta Suprema de Galicia convocou aos galegos para crear compañías de soldados non universitarios na loita contra os franceses. Tamén se acordou facer unha subscrición voluntaria para os gastos da guerra, na que todas as



Marqués de Sta Cruz.  
(il. libro Tettamancy).

2 Ferreirós Espinosa, 2018: 209.

3 Protocolos de Bonifacio Paseiro, 16/06/1808.

4 Fixo un donativo de máis de 56.000 reais en efectivo e crecida partida de papel, e tamén cedeu unha casa sita na Porta da Mámoa en Santiago (hoxe Orfas, esquina a Entremurallas) para hospedaxe de tropas.

clases rivalizaron en xenerosidade. O arcebispo entregou *de presente 300.000 reales y prometiendo mil reales diarios para sostenimiento de la guerra y otros dos mil reales para las viudas y huérfanos de los que falleciesen en la misma*<sup>5</sup>. Nomeáronse catro homes e catro mulle- res para canalizar as axudas, pois segundo a forma de pensar daquel momento dise que *si la fortaleza para seguir las fatigas de la guerra es característica de los hombres, la diligencia y el esmero en aprontar socorros para el Ejército, y la compasión y cariño en acudir con remedios y alivios a los heridos y cansados, son muy propias y particulares de las mugeres*.<sup>6</sup>

## Bandeira

A bandeira é confeccionada en Santiago nos primeiros días do mes de xuño, aínda que se terminará de pagar o 4 de xaneiro de 1809, custando 1.702 reais entre materiais e feitura.

A bandeira de seda está bordada cos dous escudos, un da cidade de Santiago e outro da súa universidade. Levaba a lenda: *Auspice Deo. Pro libertate regis. Palladis legio. Anno MDCCCVIII*. Sobre a len- da unha coroa real e na parte inferior dúas ramas de palma unidas, que simbolizan a vitoria. Actualmente parte da inscrición non se conserva.

O 11 de xullo de 1808 organizouse un desfile desde o campo de Santa Susana ata o mosteiro de San Paio e ata a catedral, onde nun- ha cerimonia con misa solemne foi bendicida a bandeira polo propio arcebispo de Santiago, Rafael Múzquiz. Os estudantes prestaron xu- ramento de fidelidade á causa ante o muro do convento de San Paio de Antealtares, que dá á praza da Quintana.

Actualmente está fixada neste lugar unha placa en memoria des- te acto, que di: A LOS HÉROES DEL BATALLÓN LITERARIO DE 1808. LOS ESCOLARES COMPOSTELANOS DE 1896 Y LOS AYUNTAMIENTOS DE 1822 1865 Y 1896.

5 López Ferreiro, 1911: 133 (Tomo XI).

6 Diario de Santiago, 23/06/1808.



Bandeira estandarte.



Placa aos heroes. Praza da Quintana.

## Uniforme

Unha resolución da Xunta Suprema de Galicia do 22 de xuño de 1808 resolveu que os estudantes universitarios que formaban o Batallón Literario *usen los cordones de cadetes y se llamen cadetes escolásticos y que los Licenciados y Doctores usen durante la actual guerra los primeros la charretera de subtenientes y los segundos la de teniente*<sup>7</sup>.

<sup>7</sup> Houbo disputas sobre se todos os soldados do Batallón deberían ser considerados cadetes, xa que había estudantes que eran fidalgos, pero outros non.



Uniforme dos cadetes.



Minerva. Paraninfo da Universidade de Santiago.

O arcebispo compostelán Rafael de Múzquiz e algúns cóengos e fidalgos de Santiago deron o apoio económico para estes soldados iren uniformados, pois non todos os estudantes tiñan medios económicos para obter o uniforme. En efecto, a 15 de xuño de 1808 o alumno José García, veciño de Quireza, escribiulle ao marqués de Santa Cruz de Ribadulla que lle facilitase uniforme de soldado, pois el carecía de medios. Algún outro alumno tamén pediu que se lle socorrese nos gastos con cartos que a Universidade tiña para estes casos. Porén, a maioría dos soldados eran fidalgos e non necesitaban axuda, é máis, cando saíron a combater algúns levaban ata criados e cociñeiros seus con eles.

Segundo algunhas testemuñas, estes soldados tiñan como uniforme unha casaca e pantalón castaños con vivo amarelo, así como dous cordóns de seda da mesma cor e sombreiro redondo, e portaban fusil e sable.

Desde o primeiro momento levaban unha escarapela rubia, á que engadiron cintas de diversas cores, na que se lía *Viva Fernando VII*, pero para distinguirse máis doutro corpo un soldado puxo: *Por rescatar a Fernando –y acabar con Bonaparte– uniose Minerva y Marte*, verso que logo repetiron os demais cadetes (Minerva era a deusa romana da Sabedoría e das Artes, e Marte o deus da guerra).

*Resumen*

|                |            |
|----------------|------------|
| 1 <sup>a</sup> | 38         |
| 2 <sup>a</sup> | 38         |
| 3 <sup>a</sup> | 76         |
| 4 <sup>a</sup> | 47         |
| 5 <sup>a</sup> | 80         |
| 6 <sup>a</sup> | 68         |
| <i>Total</i>   | <u>347</u> |

## Desertores

Unha vez alistados e tendo recibido instrución, partiron cara ao porto do Manzanal (León), pero trala longa camiñada o entusiasmo declinou, polo que entre o 8 e o 22 de setembro son devoltos 347 alumnos, que querían volver para a súa casa. Como escribiu Hemingway en *Augas primaverais*:

Desertores de cada compañía.

Primeiro un é valente porque se cre invulnerable, un ser á parte que non pode morrer.

Logo xa é diferente. É entón cando se empeza a ter medo de verdade, pero se un é bo soldado, séguese como se nada.

Ante este número tan importante de baixas, pois representaba case unha terceira parte dos efectivos, o xeneral Joaquín Blake pediu para eles que non se lles permitise incorporarse aos estudos na Universidade.

Estes alumnos uns pediron a baixa nas listas con pretexto de gozar de foro canónico sen acreditalo e outros, segundo o seu xefe, polo pouco amor á patria. En realidade había moitos mozos que pertencían ao clero, como veremos, pois era frecuente que os nenos recibiran a tonsura, aínda que non tivesen intención de facer a carreira sacerdotal, para dese xeito cambiar de status.

Houbo tamén 42 voluntarios aos que o 22 de setembro se lles deu permiso para deixar o batallón por presentar os documentos xustificativos de gozar de foro canónico. Así que sumados aos 347 son 389 os que deixan o exército. Con todo, houbo clérigos que preferiron loitar formando parte do batallón, aínda que o seu status lles permitía deixar o exército, ata dar a vida polo seu país.

Como tralo seu regreso moitos dos desertores estaban acochados e amparados polas súas familias, mandouse a finais de setembro de 1808 un grupo de soldados para coaccionaren ás familias e aos veciños, de modo que volvesen a incorporarse ao exército. E así, en outubro e novembro algúns desertores pediron reingresar por seren

*mal mirados* no seu pobo, mesmo algún que tiña ordes sagradas. De aí que o 2 de decembro, como houbera moitas baixas, procédese a convocar a novos cadetes e a finais de decembro e principios de xaneiro de 1809 alístanse os novos cadetes. Entre eles hai algúns que foran desertores, que se aceptan, pois houbo varias amnistías para os desertores, tanto do batallón literario como doutros batallóns, a cambio de incorporarse de novo ao exército, advertíndolles que se o volvían facer, pasaríaselles polas armas. Con todos estes novos alistados faise unha reunión para saír de Santiago o 15 de xaneiro.

Na lista de desertores aparece o nome e normalmente só o primeiro apelido, sen mencionar de onde eran naturais. Comparando esta lista coa de alistamento atopamos algúns, dos que falamos a continuación. E fixándonos nos seus apelidos, apreciamos algúns máis que podían pertencer sobre todo a Terra de Montes, onde estes apelidos son moi frecuentes:

Fernando Cadavid, que polo seu apelido podía pertencer a Cerdedo ou á Estrada

Pablo Gosende, probablemente de Cerdedo.

Antonio Raposeiras, quizais de Presqueiras.


Juan e Domingo Sieiro, pertencentes a calquera parroquia de Terra de Montes.

José Cachafeiro, pode que de Forcarei.

## **Campaña do batallón**

Baixo o mando do *marqués de Santa Cruz* este Corpo de Voluntarios saíu de Santiago o 18 de xullo de 1808, ben uniformado e armado cara ao porto do Manzanal, pois os franceses ocuparan as principais cidades españolas como Madrid, Zaragoza ou Sevilla, pero non entraran en territorio galego. No porto do Manzanal uniuse ao exército do xeneral Joaquín Blake, destinándoo á Cuarta División mandada polo mariscal de campo o marqués de Portazgo. Desde alí pasou a León, Mansilla das Mulas, Almanza, Medina do Pomar, Valmaseda e Bilbao. O 15 de outubro tiveron unha batalla contra os franceses, sendo feridos algúns cadetes, pero ao cabo de 10 días lograron desalojar aos franceses<sup>8</sup>.

<sup>8</sup> Tettamancy, 1911: 5 ss.



Campaña do batallón.

Pero nos meses de novembro e decembro as tropas españolas e inglesas levaron as de perder. Foi o 11 de novembro cando houbo a batalla máis sanguenta. Tivo lugar en *Espinosa de los Monteros*, onde morreron máis de 150 cadetes e feridos máis de 200, mentres trataban de retirarse.

Logo pasaron a Galicia debido a que o número de cadetes non chegaba aos 400, o Batallón Literario pasou a chamarse Real Batallón de Voluntarios de Galicia, pois vai ser reforzado con outra promoción de voluntarios universitarios e seguramente con outros soldados que non eran estudantes.

A finais de 1808 os franceses entran en Galicia, perseguen as tropas inglesas, que viñan a axudarnos, ata a Coruña onde ten lugar a batalla de Elviña (16/01/1809) e conquistan facilmente as cidades galegas. Pero como viñan sen suficientes provisións, arrebatánlle aos paisanos o trigo e centeo, e sobre todo o gando, o que fai que se mobilicen os campesiños, non tanto para defender ao Rei, como para defender o seu. A resistencia popular é protagonista e xunto coas tropas de *Cachamuiña* e Pablo Morillo recuperan varios enclaves entre eles Vigo (28/03/1809).

Os franceses tratan de recuperar Vigo e saen de Santiago ata Pontevedra e logo cara a Vigo. As forzas españolas e entre elas os cadetes composteláns esperaron as tropas francesas en Ponte Sampaio, pois era paso obrigado para ir a Vigo, derribando dous arcos da ponte e dispoñendo de dous canóns navais<sup>9</sup>, doutros máis pequenos e

9 Unha das lanchas canoneiras estaba manexada por mariñeiros ingleses, pertencentes a unha das dúas fragatas fondeadas en Vigo.

outros que os labregos fixeron de pau de carballo con abrazadeiras de ferro<sup>10</sup>. Quen portaba a bandeira do batallón era José Dionisio Valladares.

O 7 de xuño de 1809 avistáronse as tropas inimigas. Os franceses en número aproximado de 10.000 soldados, veteranos e avezados na guerra, foron rexeitados varias veces, polo que tentaron outros vaos máis doados, de aí que o mariscal Ney mandou a 1.500 franceses cara a Ponte Caldelas, onde a ponte non fora cortada e cara a outro vao intermedio, pretendendo envolver a posición de Ponte Sampaio e atacalos por detrás.

El General Ney destino una partida de su gente p<sup>a</sup> q subiese rio arriba con el fin de ver si por otro punto podian poner en ejecucion sus depravados desig-nios y al llegar al puente de Caldelas quiso la Magestad Divina q la mañana de aquel dia se presento toda cubierta de niebla, pr q alli no habia a la razón mas que de unos 150 a 200 paysanos: y estos luego q tuvieron noticia de que se aprosimaban los enemigos los puso en orden D. Francisco Ouviaña, vecino de la parroquia de Sn. Felix de Forzanes, comandante de un trozo de paysanage y les hicieron frente empezando a romper el fuego; y como los franceses no veian con la niebla si eran mucha o poca gente la que em aquel punto estaba no se atrevieron a romper adelante por entonces, y dieron tiempo a que se reforzase el puesto como se reforzó con muchos paysanos q envio alli D. Pablo Morillo: y cuando clareo el dia como viesan los enemigos en el sitio tanta gente reunida conocieron la imposibilidad de poner en practica las determinaciones de su general y se restituyeron al puente de Sn. Payo<sup>11</sup>.

E sobre a batalla de Ponte Sampaio tamén temos unha amena descrición, feita en 1810 por Fernández Neira:

Como veu Sul de Portugal e Ney de Asturias, desque se reforzaron e uniron a xente, tiñan tramado o vir a collernos; pero nós, que o chegamos a oler, retirá-mochenos para San Paio, e eles tras nós, e de todas as barcas que había fixemos unha ponte, porque a antiga estaba cortada, e desta forma se estivo a xente embarcando toda a noite, tocando a gaita e divertíndonse nomentras que nunha encuberta se colocou toda a artillería. Ó día seguinte presentouse Ney coa súa división, e empezamos nós tal fogo de cañón, que barría neles que era un gusto, mentres que, por outra parte, unhas lanchas que se chaman cañoneras, tamén zorregaban balas nos franceses, que era un primor. Nosoutros que nunca tal nos había sucedido, porque nas refregas que tiñamos diarias non había aquel orden, estabamos pasmados; pero a alegría que tiñamos en ver caer franceses, mentras que por outra parte a nosa música resoaba no medio dos vivas a Fernando Séte-mo, facíanos olvidar todo canto viamos tocante ó temor, e infundíanos a porfía ganas de arroxarnos coma leós a eles. Pero ¡si vira a Ney! Escumaba pola boca

10 Portela Pazos, 1913.

11 Ávila y la Cueva, 1852.



D. Pablo Morillo

uno de los jefes que luchó en Puente Sampaio bajo las órdenes del Conde de Noroña

Pablo Morillo  
(ilustración do libro de Tettamancy).

máis que o mar, e desque veu que todas as tentativas que facía para pasar eran como botar ó aire a pólvora, non lle faltaba sinón tirarse un tiro. E a fe que si se detuvera un pouco máis, pode que non fora necesario, porque dun, matámoslle o cabalo, e doutro, quitámoslle o sombreiro da cabeza; e vendo el que a cousa non era chanza, pégase a fuxir, jira de deus!, o mesmo que un touro cando o aferretan; e á súa imitación, o resto da división fixo o mesmo.<sup>12</sup>

Como novos ataques semellaba seren inútiles e as perdas humanas foran cuantiosas, o mariscal francés Ney deu orde de retirada cara a Compostela, ao non conseguir o seu obxectivo. Segundo algúns informes as baixas dos franceses as-

cenderon a uns 300 homes e as baixas españolas a 111.

Esta batalla xunto con outras circunstancias supuxo que os franceses se retirasen definitivamente de Galicia.

A continuación o Real Batallón pasou a Pontedeume, Lugo, Pedrafita, Astorga e La Bañeza, onde recibiu novas incorporacións de cadetes. Pasan logo a terras de Salamanca, onde combateron contra os franceses mediante guerrillas.

Despois, –segundo José Dionisio Valladares– ascendidos moitos á oficiais e quedando un curto número de cadetes, o marqués da Romana dispuxo darlle a estes instrución conveniente, destinándoos en Estremadura a unha especie de Colexio ata saíren todos como oficiais. *De este modo concluyó felizmente el Batallón más distinguido que se formó en España desde muchos siglos ha*<sup>13</sup>.

As tropas galegas dos distintos batallóns seguiron participando e destacando polo seu valor en batallas como a de Arapiles ao sur

<sup>12</sup> Fernández Neira, 1910.

<sup>13</sup> Ferreirós Espinosa, 2018: 210.

de Salamanca (22 de xullo de 1812), nas accións de Vitoria (21 de xuño de 1813) e San Marcial (31 de agosto), e mesmo foron as primeiras que pasaron o Bidasoa e entraron o 7 de outubro de 1813 en terras francesas.

### **Voluntarios do actual concello da Estrada**

Debido á proximidade da cidade de Santiago e do esforzo dos nosos paisanos para que os seus fillos recibisen unha formación universitaria, había moitos estudantes estradenses na Universidade de Santiago. Estes axiña decidiron poñer a súa vida ao servizo da Patria. Como eran conscientes de que podían perder a vida, algúns destes mozos que tiñan propiedades por algunha herdanza, antes de marchar deixaban a seus pais como administradores ante notario.

Consérvase unha lista bastante completa, onde aparecen os nomes e procedencia duns 900 cadetes. Entre eles atopamos varios pertencentes ás parroquias que agora forman o concello da Estrada. Pertencían a:

#### **San Tomé de Acorados**

1. Manuel Luis Valoira González, de 21 anos, fillo de Andrés e M<sup>a</sup> Antonia, que estudaba o 3<sup>o</sup> ano de Teoloxía, polo que sen dúbida era clérigo.
2. Pedro Martínez Pazos, de 18 anos, fillo de Antonio e Ángela.

#### **San Xulián de Arnois**

3. José Gambino García, fillo de Ángel Gambino Nicos e Francisca García Barcala, que era estudante de *Elementos matemáticos*. Foi bautizado o 27 de abril de 1796 e casou con Francisca de Lagos o 7 de xuño de 1813. Foron veciños da Veiga e tivo ao seu coidado unha nena da Inclusa de Santiago, chamada Ramona, que faleceu o 20 de setembro de 1818. José outorgou testamento o 10 de setembro de 1826 ante Francisco de Oca e morreu o día 18. Deixaba catro fillos menores de nove anos.

### San Miguel de Barcala

4. Antonio Varela Reboredo, de 17 anos, fillo de Ambrosio e Manuela. Alistouse na 3ª compañía no segundo recrutamento (30 decembro de 1808).

### San Martiño de Callobre

5. José Ribadavia Paseiro, de 18 anos, fillo de Francisco e Josefa, estudante de *Elementos Matemáticos*. Recibira as primeiras ordes sacras en 1807 a título de patrimonio.
6. Manuel Rey Souto. Alistouse pero foi excluído seguramente por ser clérigo, xa que era estudante de *Sagrada Escritura*.

### San Xurxo de Cereixo

7. Francisco Ignacio Ribadulla Constela, de 24 anos, bautizado o 18 de novembro de 1784, fillo de Domingo Ribadulla da Vila e Benita Constela Nodar, veciños de Vilapouca. Aparece na lista de desertores, pero logo alistouse no 2º recrutamento. Era estudante de *Prenociones Canónicas*.
8. Jorge Mato Picáns, 18 anos, bautizado o 31 de decembro de 1789, fillo de Pedro Mato Montoiro, e Francisca Picáns Somoza, do lugar de Quintas. Alistouse pero foi excluído seguramente por ser clérigo, xa que era estudante de 1º de Teoloxía, porén alistouse no 2º recrutamento.

### San Miguel de Cora

9. Juan Antonio Rebollo Rosendo, de 18 anos, pois fora bautizado o 9 de febreiro de 1790, fillo de Manuel Rebollo Pinto e María Rosende Lorenzo, veciños do lugar de Barro.
10. Juan Antonio Buela de Ortega, de 22 anos, bautizado o 8 de xullo de 1785, fillo de Bernardo Buela Pazos e Francisca de Ortega García, do lugar de Vilacriste.
11. Juan Francisco Ribeira Conde, 19 anos, que fora bautizado o 30 de setembro de 1789, fillo de Quirino Ribeira da Riva e María Conde Carballo (natural esta de Sta. Cristina de Veá), veciños do lugar de Carbia.

### San Estevo de Oca

12. Francisco Santos Peiteado Villanueva, de 17 anos, que foi bautizado o 2 de novembro de 1791, fillo de don José Peitea-

do e de María Rosa de Villanueva, veciños de Castrotión, e neto vía paterna de Ángel Peiteado e de Juana Maceira, e por vía materna de Pedro de Villanueva e Felipa Barcala, veciños de San Miguel de Lamela (Silleda). Recibiu as primeiras ordes sacras en 1807 a título de patrimonio.

13. José Andrés Antonio de Souto Ribadulla, bautizado o 30 de abril de 1787, fillo de Ángel de Soto e de Francisca de Ribadulla, neto por liña paterna de Francisco de Soto e María Cao e por liña materna de José de Ribadulla e Andrea Reimóndez. Aparece no primeiro alistamento e logo como cadete da 3ª compañía no segundo recrutamento, polo que é posible que anteriormente enfermara ou desertara.

#### San Pedro de Orazo

14. Alexo Vázquez Sotelo Losada, fillo de Antonio Vázquez Sotelo, señor dos morgados e vínculos das casas e pazos da Silva e de Ribas, e de Manuela Losada Peña<sup>14</sup>. Naceu o 29 de marzo de 1781 e foi bautizado ao día seguinte cos nomes de Alejo Andrés Benito Antonio. Cando se alistou era estudante de *Historia Eclesiástica*. Foi cura párroco de Santiago de Gres (Vila de Cruces) e cóengo de Santiago. Testou en 1840 deixando como herdeira á súa irmá Manuela e faleceu en Santiago de Gres (Vila de Cruces) o 28 de novembro de 1847.

#### San Pedro de Parada

15. Felipe Domingo Constela Garrido, fillo de Manuel e Manuela, nacido e bautizado o 8 de xuño de 1788 no lugar de Fermil. Tivo por padriños no bautizo a seus avós maternos Manuel Garrido e a súa muller Josefa Rodríguez.
16. Fernando Cadavid Varela, de 21 anos, fillo de Ignacio e Teresa.

#### Santa Baia de Pardemarín

17. Manuel Vidal. Alistouse pero excluíuse ben por ser declarado inútil ou por causa lexítima.

<sup>14</sup> Bértolo- Ferro, Casa da Silva. Bendexa.

### San Martiño de Riobó

18. Pedro Barcala Carbón, de 36 anos, fillo de Domingo e María.

### Santo André de Souto

19. José Antonio Lorenzo Picallo, fillo de Antonio e Magdalena. Aparece na 1ª convocatoria con 22 anos e logo na lista de desertores. Porén alistouse de novo o 2 de xaneiro de 1809 no segundo recrutamento.

### Sta Cristina de Vinseiro

20. José Manuel Antonio San Martín Vicente, de 19 anos, bautizado o 7 de decembro de 1789, fillo de Manuel San Martín Touriño e Juana Vicente González, do lugar de Godoi.

Hai tamén varios cadetes que non eran naturais do concello da Estrada, pero que foron veciños deste concello:

21. Alejandro Ballesteros Vaamonde, bautizado o 26 de decembro de 1781 en Santa Olalla de Codeso (Boqueixón), fillo de Ramón Ballesteros Castro e Villar e de Ana María Vaamonde Cortes, naturais de Codeseda. Os seus avós paternos foron Francisco Ballesteros Castro, veciño de Codeso e rexedor de Santiago, e Casilda do Villar Porrúa, pertencente á casa de Monteagudo (Codeseda) e os seus avós maternos Enrique Vaamonde e Luisa de Cortes, ambos de Codeseda. Alejandro que casou en 1819 con Mª Josefa Gil, natural de Ribela con quen tivo 13 fillos, alternará a súa residencia pasando temporadas na súa casa de Codeso e na de Ribela, onde Alejandro faleceu o 25 de setembro de 1848.
22. Ángel María Cervela Cervela, naceu en Pazos de Arenteiro o 28 de febreiro de 1782, fillo de José Casimiro Cervela Ribera (nacido en Callobre no pazo de Valiñas o 5 de marzo de 1740) e contraeu matrimonio coa súa parente (media irmá de seu pai) Hipólita Cervela en Pazos de Arenteiro. Seu pai e logo el foron os donos do pazo de Valiñas en Callobre. Ángel foi profesor en Leis na Universidade de Santiago, alternando a súa residencia entre Callobre, Pazos de Arenteiro e Santiago, onde en 1825 era subtenente de Realistas en Santiago, así como Depositario da Subdelegación de Policía

en Santiago. En 1826 exercía como Tesoureiro da Subdelegación Especial da Policía na Coruña. Ángel faleceu en Callobre o 1 de xuño de 1836.

24. José Dionisio Valladares Gómez, que naceu o 23 de xuño de 1787 en Santa María de Graba (Silleda) e que casou con M<sup>a</sup> Concepción Núñez Morciego, do casal de Vilancosta (Berres). A cerimonia da voda tivo lugar en Sarandón na capela de don Pedro María Cisneros, conde de Ximonde, o 14 de outubro de 1817, oficiando a cerimonia don Pedro Morciego Población, tío da noiva.

Alistouse no Batallón desde o primeiro momento ata febreiro de 1815 en que se lle concedeu o retiro. Participou en moitas batallas, foi ferido aínda que non gravemente e ata foi collido como prisioneiro, se ben logrou escapar.

25. Mariano Paseiro Taibo, que foi bautizado o 29 de maio de 1791 na parroquia castrense de S. Francisco da Real Isla de León (Córdoba), se ben de moi neno pasou a vivir a Santiago (parroquia de San Frutuoso). Era fillo de José Paseiro Vilariño, natural de Callobre, e de Concepción Taibo Longueira, natural de Ferrol. Seus pais de Santiago pasaron a vivir á Estrada, onde José era administrador da venda de Tabacos<sup>15</sup> e en 1810 administrador de todas as rendas Reais no partido da Estrada e veciños de San Paio de Figueroa, onde morre José<sup>16</sup> aos 90 anos en 1848.

Como Mariano en 1807 mostra desexo de seguir a carreira sacerdotal, seu pai dóalle unha casa en Santiago para que poida seguir os estudos<sup>17</sup>. Recibiu as primeiras ordes, o que alegraría para deixar as armas unha vez que entrou no Batallón Literario, pois Mariano aparece na lista de desertores da 1<sup>o</sup> compañía. Logo alistouse o 12 de xaneiro de 1809 no segundo recrutamento, se ben quen firma o alistamento é seu pai. En xullo do ano seguinte di que quere seguir carreira militar, polo que seu pai comprométese a darlle 9 reais diarios

15 O anterior administrador de Tabacos fora José Cadavid, o sogro do seu irmán Bonifacio Antonio.

16 Morreu en situación económica precaria, debido a estar incriminado nun asunto de contrabando.

17 Protocolos de Bonifacio Paseiro, 27/08/1807.

(300 ducados anuais), para que *tenga con que subsistir como cadete* e mentres non ascenda como subtenente<sup>18</sup>.

En 1817 Mariano era veciño da Estrada e escribán da xurisdición de Veá. Máis tarde será o escribán de Tabeirós, pasando a vivir a Arnois ao casar o 1 de marzo de 1821 coa súa curmá Teresa Paseiro Cadavid, que quedara viúva en 1818 de Vicente María Silva e Ozores, dono da casa de Silva en Arnois. Teresa era filla do escribán Bonifacio Antonio Paseiro Vilariño e de M<sup>a</sup> Ignacia Cadavid Nieves<sup>19</sup>. Mariano e Teresa tiveron varios fillos, o máis novo, Eugenio, nacido o 17 de setembro de 1833, casou o 14 de decembro de 1871 coa súa parente María del Carmen Badía Paseiro, da casa de Badía en Xerlís.

26. Eusebio Paseiro Taibo, natural de Ferrol, era irmán de Mariano. Estudante de Dereito Romano, con 20 anos incorporouse no primeiro alistamento. Logo aparece no segundo recrutamento, que como no caso de Mariano tamén asina seu pai. Posiblemente foi desertor como seu irmán, alegando ser clérigo, pois en febreiro dese ano era clérigo de menores ordes, asignado á igrexa de San Miguel de Sarandón, e como tiña intención de facerse cura, seu pai fíxolle doazón dunha casa en Santiago na rúa da Inquisición xunto ao mercado vello, para que tivese congrua suficiente para manterse<sup>20</sup>.

Ao igual que seu irmán Mariano, seguiu a carreira militar, xa que en 1822 aparece como tenente retirado do rexemento de voluntarios de Castela e veciño de San Paio de Figueroa.<sup>21</sup> E tamén como seu irmán, casou cunha curmá (e cunhada), Josefa Paseiro Cadavid<sup>22</sup>, filla do escribán Bonifacio Antonio e de M<sup>a</sup> Ignacia, e polo tanto irmá de Eusebio Paseiro Cadavid, clérigo (con quen non se pode confundir). Josefa finou en San Paio de Figueroa o 1 de xaneiro de 1850.

18 Protocolos de Bonifacio Paseiro, 18/07/1810.

19 Bonifacio e M<sup>a</sup> Ignacia casaron en San Paio de Figueroa, de onde era ela, o 30 de maio de 1795.

20 Protocolos de Bonifacio Paseiro, 17/02/1808.

21 Protocolos de José Ribadavia, 5/12/1822.

22 Protocolos de José Ribadavia, 8/10/1833.

Cando morreu José Dionisio Valladares en 1864 un dos que presidiron o dó na condución ao cemiterio chamábase Eusebio Paseiro, pero non se di se o segundo apelido era Taibo, polo que non sabemos se se trata del ou do seu cuñado.

### **Voluntarios de Terra de Montes**

Na lista de voluntarios que atopamos hai cadetes que pertencen á chamada Terra de Montes, que comprende os concellos actuais de Forcarei, Beariz, Cerdedo (antes de fusionarse con Carballedo), así como algunha parroquia limítrofe da Lama, Carballedo, Campo Lameiro e Lalín.

Estes cadetes procedían das seguintes parroquias:

#### **Santa María de Beariz**

1. Benito Domingo Ribas Ogando, bautizado o 11 de decembro de 1786, fillo de Pedro e Rosa, do lugar de Forxa. Era neto de Lorenzo e Margarita da Lama, do lugar de Candedo, por liña paterna, e por liña materna de Benito Ogando Ribera, de Pardesoa, e de María Cadavid, natural de Cerdedo. Benito era irmán de Carlos, meiriño do mosteiro de Acibeiro en 1804, que casou o 29 de setembro de 1815 en Castrotión con Clara Margarita Neira Otero, filla de Juan Antonio Neira Infantón.
2. Rosendo Janeiro Ramos, bautizado o 27 de maio de 1788, fillo de Lorenzo e Juana, veciños de Doade, neto por liña paterna de Rosendo Janeiro e Marcela Cortizo, e por liña materna de Salvador Ramos e Angela Ramos.

#### **Santa Mariña de Castrelo.**

3. Antonio García Quibeo, de 30 anos, de Salvador e Francisca.

#### **San Xoán de Cerdedo**

4. José Limeres Sieiro, 17 anos, fillo de José Limeres Vidal e de María Antonia Sieiro Carballas. José, pertencente ao Batallón Literario, finou fóra de Galicia o 10 de novembro de 1810.

5. Manuel Troitiño Sieiro, 25, de Jose e Josefa, veciños de Barro  
Celebráronse as honras fúnebres de Manuel, *cadete literario*,  
o 30 de novembro de 1810.
6. Jose Ribas Arén, 24, fillo de José e María.
7. Juan Figueroa Camiña, 17 anos, fillo de Juan Figueroa Cu-  
bello e María Camiña Gosende, bautizado o 10 de agosto de  
1791.
8. Ramón Gosende, de 38 anos.
9. Francisco Sieiro Porto, de 22 anos, fillo de Diego e Josefa.
10. Domingo Antonio Sieiro do Val, de 19 anos, fillo de Pedro  
Seiro Martínez e Polonia do Val Paz (natural ela de natural  
de Meilide), veciños de Abelaíndo.

#### Santa María de Dúas Igrexas

11. Matías Campos Seoane, de 20 anos, fillo de Francisco e Ma-  
ría.

#### Santa María de Folgoso e o seu anexo Ventoxo

12. Manuel Sieiro Cabada, de 30 anos, fillo de Domingo Anto-  
nio, veciño do lugar de Vilariño en Folgoso, e de Ana María,  
esta natural de Castrelo. Domingo e Ana casaran o 1 de fe-  
breiro de 1775. Era clérigo tonsurado, porén morreu o 3 de  
maio de 1810 no hospital de Estremadura, onde se atopaba  
pelexando contra os franceses.
13. Jose Antonio Rodríguez del Corral, fillo do escribán Jacobo  
Antonio e de Francisca de Arén. Estes casaran en Folgoso  
o 21 de xaneiro de 1774. Cando se alistou tiña 27 anos e  
estaba estudando Dereito Español, porén foi excluído por ser  
clérigo. En efecto, en maio de 1807 seus pais e irmáns fixeron  
doazón a seu favor de diversos bens para que José Antonio  
rematase os seus estudos sacerdotais na Universidade de  
Santiago e tivese congrua suficiente, estando titulado nunha  
capela de Dúas Igrexas. Foi bacharel en *Cánones*, pero non  
puido ascender a máis pola súa enfermidade, pois padecía  
demencia. Como era inhábil para gobernar, seu pai no testa-  
mento nomeou herdeiro universal a quen o coidase.

14. Tomé Ogando, de Folgoso, de 34 anos, seguramente fillo de Juan de Ogando da Lama, natural de Pardesoa, e de Benita Campos Bugallo, de Folgoso, casados estes o 20 de maio de 1776. Alistouse pero foi excluído ben por ser declarado inútil ou por causa lexítima.
15. Francisco Cachafeiro Álvarez, de 20 anos, fillo de José e Benita. Casou en Folgoso o 22 de setembro de 1819 con Jerónima Canizo Canizo, filla de Francisco e Teresa, tendo como testemuña a Francisco Bermúdez de Castro, de Pedre. Os pais de Jerónima casaran o 20 de xaneiro de 1770 en Ventoso, se ben o pai seguramente era natural de Millerada e Teresa natural de Ventoso.
16. Francisco Canizo Canizo, de 20 anos, fillo de ditos Francisco e Teresa Canizo Varela, veciños de San Nicolás de Ventoso, e polo tanto cuñado do mencionado Francisco Cachafeiro Álvarez. Era estudante de *Elementos Matemáticos*.

#### San Martiño de Forcarei

17. Ignacio Gregorio Marcos Chamosa Sieiro, bautizado o 25 de abril de 1787, fillo de Domingo Chamosa Pereira e de Rosa Sieiro Correa, esta natural de Pardesoa, e veciños de Sorribas. Alistouse no primeiro recrutamento. *El siete de diciembre de 1813 se dio sepultura al cadáver de don Ignacio Gregorio Marcos Chamosa, soltero y subteniente del Regimiento de infantería de la Princesa, [...] Su fallecimiento consta del vicario cura de la iglesia parroquial de San Saturnino sita en la ciudad de Pamplona en donde yace su cuerpo.*
18. Jose Chamosa Chamosa, 27, fillo de Eleutoria e pai incógnito. Na lista de desertores aparece un José Chamosa, polo que supoñemos que se trata deste José.

#### Santo Amedio de Millerada

19. Manuel Sieiro Canizo, 18, de Juan e Tomasa. Recibiu as primeiras ordes sacras en 1808 a título de Patrimonio.

### San Miguel de Presqueiras

20. Andrés Raposeiras Rubin, de 22 anos, fillo de Domingo Antonio e María. Recibiu as primeiras ordes sacras en 1808 a título de patrimonio.

### Santo Estevo de Pedre

21. Gregorio Agustin Bermúdez Bouzas, bautizado o 9 de maio de 1789, fillo de Pedro Bermúdez de Castro e Sánchez de Seijas e de Rosalía Bouzas Varela. Recibiu unicamente a tonsura en 1807.
22. Benito Agustín Bermúdez de Castro e Bouzas, fillo de Pedro e Rosalía, bautizado o 1 de xuño de 1785 en Cerdedo. Recibiu ordes sagradas entre 1807 e 1810 e foi cura en Folgoso.
23. Francisco Javier Bermúdez de Castro, irmán dos anteriores, bautizado o 23 de marzo de 1781. Seguramente se lle deu permiso para deixar o batallón, porén el e seu pai reuníronse en Pedre cos curas de S. Xurxo de Sacos, Tomonde, Pedre, Morillas, Cerdedo, Castro e Quireza xunto cos parroquianos armados e tomaron parte activa na guerra: *«Las campanas tocan a rebato, la gritería que por todas partes resuena vito-reando al Rey, suple la falta de clarines y tambores, iniciando la revolución de Galicia en contra de los invasores franceses, que se habían apoderado de Santiago y Pontevedra»*<sup>23</sup>. Foi xuíz ordinario da xurisdición de Montes en 1809. Casou en 1820 en Vedra con Teresa Varela.

### San Tomé de Quireza

24. José García García. 21 anos, bautizado o 5 de novembro de 1787, fillo de Juan e Helena, de Santo Tomé de Quireza. Este cadete é o que pide ao marqués de Santa Cruz que se lle facilite o uniforme, pois di non ter medios. Era estudante de Teoloxía.
- O 23 de agosto de 1809 se funeró D. Jose García, clérigo tonsurado y Cadete del Batallón Literario de esta Provcia. de Santiago, el que falleció el 17 de agosto en el Hospital de la Coruña;*

<sup>23</sup> Gaceta de Galicia: Diario de Santiago. Decano de la prensa de Compostela: N.º. 149, 08/07/1879.

*hijo de Juan García y Helena García, vecinos del lugar de los Castros de la de Quireza.*

25. Pedro Monteagudo Piñeiro, 16, de Manuel e Josefa, veciño do lugar dos Castros. Recibiu as primeiras ordes sacras en 1807 a título de patrimonio. Entre os desertores mencionase un Pedro Monteagudo, que supoñemos que se refire a dito Pedro.
26. Juan Manuel Fontela, de Quireza, alistouse pero foi excluído, ben por ser declarado inútil o por causa lexítima.

#### San Lourenzo de Sabucedo

27. Pablo Gosende Obelleiro, 28 anos, bautizado o 23 de xaneiro de 1779, fillo de Pedro e Rosalia Obelleiro Bouzas.

#### Santiago de Morillas

28. Domingo Antonio Quiben Touriño, de 20 anos, fillo de Benito e Rosalía. O 10 de marzo de 1812 celebráronse os funerais por Antonio, *teniente capitán que murió gloriosamente por el mes de febrero del año anterior en el sitio de la plaza de Badajoz.*

#### San Isidro de Montes

29. Jose Antonio Barreiro Fernández, de 32 anos, fillo de Simón e Andrea.

#### Santa M<sup>a</sup> Madanela de Montes

30. Antonio Ogando Cortes, estudante de Lóxica e Filosofía, fillo de Manuel Francisco Ogando Cadavid<sup>24</sup> e de María Antonia de Cortes Varela e Bouchar. Aínda que naceu en Escuadro segundo as listas de voluntarios, seus pais viviron non só en Escuadro, senón tamén en Pardesoa e en Soutelo de Montes, pertencente á parroquia de Sta. M<sup>a</sup> Madalena de Montes, onde casaron o 28 de setembro de 1772 e onde naceu seu irmán Manuel. Seu avó materno era Benito de Cortés Varela, administrador de Tabacos en Soutelo de Montes.  
Seu pai di que un fillo seu morreu no exército, pero non sabemos se se refire a Antonio. O seu irmán Manuel, que era es-

24 En 1777 Manuel foi nomeado polo arcebispado xuíz ordinario da xurisdición de Tabeirós, logo na de Trasdeza e despois a partir de 1782 e logo de novo en 1804 na xurisdición de Montes.

cribán, en marzo e abril de 1809 tomou parte activa na loita contra os franceses, organizando con José M<sup>a</sup> Rivas, do pazo de Siador (Silleda), o control e defensa da ponte de Ledesma e indo persoalmente a Xirazga e logo a Tenorio para contactar co capitán Francisco Colombo e conseguir a pólvora e as balas que necesitaban.

### **Soldados doutros rexementos que morreron durante a guerra, naturais da Estrada e Terra de Montes**

O 14 de febreiro de 1810 foi enterrado en Santa Mariña de Barcala Miguel Troáns, marido de María Docampo, *muerto en la retirada cuando venía del ejército para su casa; murió en la casa del cura de Santa María de Medeiros*.

O 22 de abril de 1812 fixéronse os funerais por Domingo Antonio Bandín, solteiro, de Santa Mariña de Barcala *después que vinieron cartas del ejército de su muerte*.

O 26 de abril 1809 foi enterrado Bernardo do Eyo González, fillo de Pedro e de Isabel, veciño do lugar de Nogueira (Sta Cristina de Veá), solteiro, que morreu segundo a súa nai no exército.

O 16 de marzo del año de 1814 morreu Juan de Moldes, clérigo de menores, veciño do lugar de Tarrío (Sta. Cristina de Veá), soldado do Rexemento de Borbón.

O 20 de febreiro de 1811 morreu na campaña contra os franceses no hospital de Cidade Rodrigo o soldado Ramón Iglesia, marido de Ángela Frago, veciños de Reboredo (Santo André de Souto).

En Sta. María de Beariz o 6 de abril de 1809 foi sepultado Manuel Janeiro, *soldado del regimiento de Compostela*, (Este rexemento ao inicio da guerra estaba asentado na cidade da Coruña).

De Dúas Igrexas, veciño de Loureiro, era Manuel Magán, soldado do rexemento da Unión, que finou no hospital da Coruña o 23 de novembro de 1809.

En Folgoso o 4 de febreiro de 1812 celebráronse as exequias por Francisco Cortizo, solteiro, fillo de Antonio e Rosa Cortizo, do lugar de Outeriños, *soldado de los ejércitos de España* na guerra contra os franceses.

De Santa M<sup>a</sup> Madalena de Montes era Luis Taboada, que morreu o 14 de xaneiro de 1813.

En Millerada celebráronse *exequias de enterro* o 17 de xaneiro de 1809 por Francisco Vales, do lugar de Acevedo, *soldado voluntario en uno de los regimientos del ejército español*. E o 29 de marzo de 1809 sepultaron o cadáver de Benito Canizo *soldado del Regimiento de Sevilla, recibió los Santos Sacramentos*.

En Morrilas celebráronse funerais por tres soldados en 1810: o 25 de xaneiro por Manuel Monteiro, solteiro, *que murió en campaña y en la batalla de Rioseco*; o 27 de xaneiro por Ignacio Monteiro, *que falleció por tierra de Vigo* e 8 de febreiro por Manuel Fraga, *que murió en Redondela o sus inmediaciones*.

Veciño de Soutelo de Medio (Ventoso) era Benito Vázquez López, que finou o 22 de marzo de 1811 no exército de Galicia contra os franceses.

## Conclusión

Ante a entrada dos franceses en España, e sobre todo en Galicia, os galegos presentáronse intrépidos a loitar contra unhas tropas perfectamente preparadas, avezadas e moi numerosas. E non só defendéron a Galicia, xa que desde o primeiro momento sentíndose tamén españois, contribuíron de xeito moi destacado na liberación doutras rexións, como as do norte de España, Castela e Estremadura.

O pobo de Galicia soubo levantarse contra a opresión dos franceses, aínda que as autoridades non sempre estaban polo labor. Algúns fidalgos, operarios, labradores, curas e soldados puxeron todo o seu valor e habelencia ao servizo de Galicia e de España. Mágoa que as autoridades civís e militares non quixeran ou non souberan aproveitar todo esta bagaxe para renovar a vida dos galegos.

Dos 26 voluntarios da contorna da Estrada que participaron no Batallón Literario non atopamos datos de que morrera algún, porén dos 30 que pertencían á Terra de Montes consta a morte de seis, e quizais sete.

Seguramente morreron moitos máis, pero os mortos na guerra habitualmente enterrábanse na parroquia onde morrían, moitos de-



Xenerais da Ulla.

les fóra de Galicia, e nestes tempos as noticias da súa morte non sempre chegaban a seus familiares, e por outra banda non todos os mortos se facían constar nos libros parroquiais, xa que ás veces por motivos sobre todo económicos non se celebraban as honras fúnebres por eles e, cando se celebraban, ás veces tardábase meses en facelo. Por exemplo, en Dúas Igrexas das 27 persoas que foron asasinadas polos franceses o 30 de abril de 1809, tan só se celebraron funerais por 11.

Foron tempos penosos e difíciles para o noso pobo, que veu como os franceses mataban a nenos, a mulleres e a xente desvalida, así como aniquilaban os seus gandos e arrasaban os eidos. Foi tal horror ao ver tantas persoas asasinadas, que en Dúas Igrexas tres veciños perderon o xuízo. Pero o éxito premiou os esforzos dos galegos, botando fóra de Galicia e derrotando aos dous exércitos mandados polos famosos xenerais Ney e Soult.

Esta guerra deixou unha forte pegada en Galicia, aínda que os franceses só estiveron na Nosa Terra seis meses, desde xaneiro ata finais de xuño de 1809. Numerosas festas recordan hoxe en día as fazañas dos galegos, como as da Reconquista de Vigo, as da Batalla en Ponte Caldelas e en Ponte Ledesma<sup>25</sup>, os Xenerais da Ulla... Tamén deu pé a distintas tradicións orais e, como non, aínda hoxe moitos cans son chamados cos nomes de Ney e Soult.

---

25 Gregorio e Benito Martínez, pertencentes ao Batallón Literario, que chegaron a ser capitáns polo seu heroísmo e que dirixiron a loita conta os franceses en Ponte Ledesma, eran naturais de San Fiz de Margaride (Silleda), fillos de Juan e Rosa Gómez. Gregorio tiña 20 anos en 1808 e era estudante de Dereito Español.

## APÉNDICE

### Labregos mortos polos franceses en 1809

Moitos foron os labregos mortos, algúns en accións contra os franceses e sobre todo como vítimas indefensas ante un exército cruel.

Houbo dúas importantes expedicións de castigo das tropas francesas contra a xente das xurisdicións de Tabeirós, Terra de Montes, Deza e Trasdeza. Estas expedicións foron motivadas a que D. Juan Antonio de la Vega exercía polo goberno francés como xuíz na xurisdición de Bemposta (comarca do Ulla con sede en Rubín. A Estrada) e dito Juan Antonio, resentido de que as xentes de Trasdeza e bisbarra non acataran as súas ordes e proclamas, cunha lexión de 3.000 soldados franceses decidiu castigar a estes pobos, que el chamaba insurxentes, e sobre todo aos compoñentes da xunta trasdezana, primeiro a partir do 19 de marzo de 1809 e logo entre o 30 de abril e 1 de maio dese ano. Conta José María Rivas, presidente da xunta de defensa trasdezana, natural el de Siador e seus avós de Covas (Folgoso) e de Garellas (Millerada), *además del saqueo general, mataron cuantos viejos, niños y enfermos que no pudieron escapar a su fuerza: hicieron lo propio con los ganados mayores que no podían reunir, y quemaron las más y mejores casas de la dicha jurisdicción de Escuadro, Moalde, Santirso y otras, ultrajaron en la de Escuadro su iglesia, y en fin es incalculable el daño...* (Acta del 8 de maio de 1809).

Consultando tan só as parroquias nas que había voluntarios do Batallón Literario, atopamos que os franceses mataron a moita xente indefensa. Aínda que sen dúbida foron moitos máis, nos libros parroquiais (non todos se conservan) só constan os seguintes:

En Acorados o 20 de marzo de 1809 foron asasinados polas tropas francesas cinco veciños:

- Jacobo Baloira, marido de Caetana Paseiro, veciño do lugar do Castro.
- Juan Antonio Orosa, marido de María Benita de Basquas, veciño do lugar de Santomé.
- Andrés de Souto, que foi degolado.
- Feliz Mesía, veciño do lugar de Gontén.
- Manuel de Brei.

En Callobre o 20 de marzo 1809 os franceses mataron a tres veciños do lugar de Outeiro: Francisco Vázquez, María Antonia da Ponte, muller de Brais Trigo, e a Ignacia Pazos, muller de Felipe da Vila.

En Guimarei o 21 de marzo de 1809 os franceses mataron dun balazo a:

- Jorge do Campo, marido de Antonia de Penas.
- José Touzeda, fillo de Benito Touceda e María Ferro.

En Parada o 21 de marzo de 1809 os franceses mataron a Alberto Nodar, marido de Rosa Carbón, do lugar de Vilademeus, *arcabuceado por los franceses en la incursión que hicieron en todo este contorno, llevándolo todo a sangre y fuego.*

En Souto o 22 de decembro de 1810 celebráronse os funerais por Miguel Caramés, marido de Benita Fernández, veciño de Montillón de Abaixo, que os franceses mataron en Sta Cristina de Vinseiro na retirada do ataque da Rocha.

En Tabeirós o 21 de marzo de 1809 mataron en Guimarei, onde foi enterrado, a Jacinto de Porto *vecino de la fr<sup>a</sup> de Taveiròs.*

En Cerdedo foron enterrados o 22 de marzo de 1809 nove persoas que mataron os franceses:

- Vitoria Figueroa, pobre de solemnidade,
- Francisco Sieiro, marido de Francisca Monteagudo.
- Domingo Limeres, marido de Francisca Gosende.
- Domingo Antonio Monteagudo, marido de Baltasara Cortizo.
- Clemente Mosquera, solteiro.
- Pascual Vidal, marido de Manuela Bouzas
- Juan Carballás, marido de Brígida Bouzas.
- Manuela Gómez, muller de Beniro Rey.
- Juan San Martín, marido de Tomasa Malvárez, da xurisdición de Noia.

E deixaron case morto, polo que foi enterrado dous días despois, a Bartolomé Peleteiro, marido de M<sup>a</sup> Antonia Cadavid, veciños de Limeres

E o 14 de xuño de 1809 fixéronse os funerais en Cerdedo por Alberto Porto, solteiro, de Meilide, *lo mataron los franceses en Puentes de Bora.*

En Dúas Igrexas o 30 de abril de 1809 os franceses deixaron espallados polo monte moitos cadáveres, aos que se lles deu *sepultura en una zanja ancha y profunda que se hizo en la iglesia parroquial en la obra nueva que sigue a lo largo desde la puerta principal hasta más allá del coro de tribuna*:

- Gregorio Fernández, viúvo de Dominga Gulías.
- José Carballeda, viúvo de María Caramés.
- Manuel Carballeda, irmán do anterior, celibato.
- Fermín do Couto, marido de Francisca Ferrón, veciño de Rabadeiras.
- Feliciano Fernández, viúvo de María Barreiro, veciño de Rabadeiras.
- Pedro Juanes, marido de Venancia Mayán.
- Manuel Barreiro e a súa muller María Grela, veciños de Córneas.
- Alexos Ponte e a súa muller Rosa Fernández, veciños de Córneas.
- Francisco da Graña viúvo de Bernarda de Nodar.
- Domingo Fernández, marido de Manuela da Riva, veciño de Igrexa.
- Justo Gulías, fillo de Manuel e de Rosa Fernández, veciño de Igrexa.
- Pablo de Armada, marido de M<sup>a</sup> Antonia Filloy.
- Gregorio Fernández Posse, celibato, veciño de Quintelas.
- Juan Fernández, fillo de José e Benita da Riva.
- Leandro Fernández, marido de Francisca Fernández.
- Manuela Fernández, viúva de Ignacio de Andón, veciña de Igrexa.
- Rosa Barreiro, muller de Miguel Grela, veciña de Quintelas.
- José Míguez, marido de Josefa Barreiro, veciño de Quintelas.
- Gabriel de Campos, marido de Manuela Míguez.
- Tomás Fernández, viúvo de Rosalía Valiñas.
- Antonio Cachafeiro, marido de M<sup>a</sup> Antonia Fernández.
- Rosa da Grela, muller de José Magán, veciña de Loureiro.
- Bartolomé Riamonde, marido de María Cardesín, veciño de Loureiro.

- Francisco Grela, marido de Francisca Carballada.
- Leandro Grela, marido de María Barreiro.
- Gregorio Canaval, marido de María Míguez.
- Gregorio Grela, viúvo de Isabel Rodríguez.

E o 7 de maio enterrouse a Francisco Leiro, marido de Manuela Barreiro, que morreu polos golpes na cabeza que lle deron os franceses.

E o 19 de setembro finou Antonio Valiñas, viúvo de Isabel Fernández, que toleara trala incursión dos franceses.

O 25 de outubro finou Manuel Villaverde, marido de Francisca Gulías, que quedou *decrépito desde la entrada de los franceses*.

Tamén finou o 15 de decembro de 1809 Dominga da Riva, veciña de Loureiro, *dementada desde la invasión*.

Posteriormente nos meses seguintes celebráronse honras fúnebres por once deles.

En Folgoso o 19 de marzo de 1809 mataron a José Varela, do lugar de Outeiro e a Esteban Gómez. O 9 de xuño foi inhumado Simón Alberte, marido de Antonia Fontela, do lugar de Fontela, despois de apresalo os franceses e levado a Cotaredo (Forcarei), onde o despezaron xunto con outros.

En Forcarei o 21 de marzo de 1809 tiveron lugar as exequias por Manuel López Souto, veciño de Cachafeiro, que morreu a mans dos franceses no lugar de Soutelo.

E o 30 de abril foron matados polos franceses:

- Gregorio López
- Marcelo López, del lugar de Cabanas.
- Tamén mataron a 12 persoas do lugar da Ponte: Roque Mariño, Gregorio Morgade, Gregorio Canabal, Martín Espiña, Domingo Antonio López, Manuela Pichel (viúva), Lorenza Fontenla (celibata), Pascual Pérez (celibato), Manuela Fernández (viúva), Rosa Fernández (viúva), Benito Morgade (viúvo) e Manuel Espinosa (viúvo).

Así mesmo mataron e foron enterrados en Forcarei Simón Alberte, de Ventoxo, Manuel Lorenzo de Cerdedo e a outros tres de Pardesoa.

O 11 de maio *murió de resultas de las heridas de los franceses* Manuel Gosende.

En Millerada. *El 30 de abril de 1809 volvieron los franceses a invadir por segunda vez este pueblo, quemando muchas casas, y muerto muchas personas y de esta parroquia han asesinado a:*

- Domingo Antonio Alberte, marido de Bernarda Fraíz, veciño de Vilar.
- Manuel Limeses, fillo de Susana, solteiro e veciño de Garellas.
- Antonio Pena, fillo de Sebastián e de Ignacia Cachafeiro, solteiro e veciño de Garellas.
- Juan Pena, fillo de Alonso e de María de Arca, solteiro e veciño de Quintelas.
- Ramón Cachafeiro, fillo de Manuel y Benita Valiñas, solteiro e veciño de Quintelas.
- Manuel Fernández, viúvo de Manuela Bispo, veciño da Grela.

En Pedre o cura di que morreron moitos *en manos de nuestros enemigos los franceses*, pero teñen honras fúnebres os seguintes, todos o 23 de marzo de 1809: Ignacio Barros marido de Damiana de Barros, Rosa Bugallo e o seu marido Francisco García, Domingo de Umia marido de Ana Paz, M<sup>a</sup> Antonia Álvarez muller de Pedro Rascado, e Rosa Nieto, celibata.

En Quireza. Durante o mes de marzo de 1809 estivo acampado en Quireza un destacamento duns 700 homes, que xunto coas alarmas das parroquias veciñas fustigou aos franceses en lugares como Valoira, Pontevea, Tenorio e San Xurxo de Sacos. E así nun ataque en Matalobos foi morto polos franceses Andrés López Gómez, marido de María Garrido.

Pero o 29 de abril as tropas retiráronse ante os franceses que viñan desde Cuntis. Os franceses queimaron as aldeas, e ese día mataron a uns vinte veciños e a outros dous, Felipe Monteagudo, marido de Manuela Obelleira, e o su fillo Pedro, leváronos ata Forcarei, onde os mataron ao día seguinte xunto con outros. Os seus nomes:

- Ignacio Martínez, marido de Antonia de Ogando, do lugar de Outeiro.
- Rosa Lois, viúva de Julio García, do lugar de Outeiro.

- Mariana Lois, viúva de Antonio Ponte, do lugar de Outeiro.
- Josefa Escudero, muller de Manuel de Otero, do lugar de Outeiro.
- Julia Ponte, viúva de Antonio Vilaboa, siñeiro, do lugar de Outeiro.
- Manuel Ruzo, solteiro, do lugar das Penas.
- Manuel Vilaboa, marido de M<sup>a</sup> Luisa García, do lugar das Penas.
- Francisco García, marido de María Lois Obelleiro, do lugar de Meixoeiro.
- Miguel Barros, marido de Josefa Lois Obelleiro, do lugar de Fondós.
- Alberta Monteagudo, solteira, do lugar de Laxoso.
- Manuela Somoza, solteira, criada de Jacobo Iglesias, do lugar de Laxoso.
- Ambrosio Obelleiro, marido de Ana Maria Parada, do lugar de Laxoso.
- Julio Camiña, marido de María Lois, do lugar de Piñeiro.
- Antonia Monteagudo, muller de Manuel Lois, do lugar de Piñeiro.
- Francisco Gil, marido de Baltasara Reboredo, do lugar dos Castros.
- Gregorio Piñeiro, solteiro, do lugar de Sieiros.
- Julio Bautista Ramírez, marido de María Ruzo, do lugar de Sieiros, que o mataron abrasado nunha casa en Laxoso, da que estaba diante a pedir esmola.

## Fontes e bibliografía

AHUS. ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//1.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//2.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//3.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//4.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//5.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//6.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//7.  
 AHUS ES.GA.15078.AHUS/1.1.14.341.//10.

- AHUS ES.GA.15078.AHUS/4.1.1.1.1.2.//308.
- AHUS. Protocolos notariais.
- ARQUIVO DIOCESANO DE SANTIAGO. Libros parroquiais.
- ARQUIVO DIOCESANO DE OURENSE. Libros parroquiais.
- Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia. *Diario de Santiago*, 1808, 1809.
- Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia. *Libros de Actas do Pleno do concello de Santiago de Compostela (01-09-1808 / 31-12-1808)*
- BÉRTOLO, J.M., FERRO, L. (2020) *Torres, pazos e casas fidalgas do Concello da Estrada*, A Coruña. En [http://www.museo.aestrada.gal/images/Torres\\_pazos\\_e\\_casas\\_fidalgas.pdf](http://www.museo.aestrada.gal/images/Torres_pazos_e_casas_fidalgas.pdf)
- FERNÁNDEZ NEIRA (1810) *Proezas de Galicia*. A Coruña: Imprenta de Vila. En [chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://culturagalega.gal/imaxes/docs/papes\\_proezas.pdf](chrome-extension://efaidnbmnnnibpcajpcglclefindmkaj/https://culturagalega.gal/imaxes/docs/papes_proezas.pdf) [12/04/2025]
- FERREIRÓS ESPINOSA, C. (2018) *O legado dos Valladares de Vilancosta*, Santiago, Centro Ramón Piñeiro. Xunta de Galicia.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1975) *El águila gala y el búho gallego*, Buenos Aires, Ediciones Galicia.
- LÓPEZ BEDOYA, J., PEREZ SALGADO, J.R. (2022) «A primavera de Trasdeza. Entre marzo e maio de 1809». *Anuario Descubriendo*, Concello de Lalín.
- PORTELA PAZOS, S. (1913) *O cañón de pau*. El Eco de Santiago. Reedición en 2009 do Concello de Cotobade.
- TETTAMANCY GASTÓN, F. (1910) *Batallón literario de Santiago. Diario de campaña /años 1808-1810*) A Coruña, Imprenta y Fotograbado de Ferrer.